



Expdte 15161/445

DESTINATARIO: MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO:

VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS (SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”) PARA A CONTRATACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO DO SEGUINTE SUBMINISTRO:

“PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓN DOS VEHÍCULOS TIPO C1 DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO”.

INFORME:

A mesa de contratación de data 22 de Xuño do 2022 realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación das obras de referencia, dando traslado da documentación presentada no sobre B “proposición avaliabile mediante xuízo de valor” para a súa avaliación por parte dos servizos técnicos do servizo xestor do expediente. De acordo coa acta da mesa de contratación foron admitidas as ofertas das empresas que se indican a continuación:

1. AUTOS FONTAN S.L.U.
2. RECALVI, S.L.
3. RODI GALICIA, S.L.
4. ÓSCAR CASTRO GÓMEZ.

A valoración das ofertas realizarase de acordo co establecido na cláusula 16.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación de Obras por procedemento aberto (PCAP), no cal se indican os criterios para a avaliación mediante xuízo de valor así como as regras de puntuación.

De acordo co recollido nas cláusulas 14 e 16 do PCAP, para a avaliación das ofertas presentadas polos licitadores no “sobre B” o presente informe atenderá os seguintes criterios:

A.- REVISIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESTABLECIDOS NA CLÁUSULA 14 DO PCAP, SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POR CADA LICITADOR NO SOBRE “B”.

Páx. 1 de 13



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2022 12:47	Páxina 1 de 13
15161-445	CSV: A6ACAH-DHC856-BACBEB-PPEHL4-DGDK2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expdte 15161/445

Esta avaliación é sobre as incidencias en relación a non cumprir ditos requisitos no referente a extensión da documentación presentada e o peso dos arquivos presentados, segundo o establecido no apartado 6.A das FEC. Estes requisitos serán:

- Deberá ser un único arquivo dixital para cada lote, que terá unha extensión máxima de 10 páxinas en total en formato A4. Na cuantificación deste documento teranse en conta todos as páxinas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais páxinas incorporadas, non debendo superar os 4 MB de tamaño cada arquivo.
- A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; Memoria Organizativa (MO).

B.- AVALIACIÓN TÉCNICA E PUNTUACIÓN SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POR CADA LICITADOR NO SOBRE “B”.

A avaliación da documentación presentada por cada licitador atopase recollida na táboa resumo do apdo “D”, indicando para os diferentes apartados a avaliar de acordo co estipulado nas cláusulas 14 e 16 do PCAP as puntuacións obtidas a xuízo de valor do técnico que subscribe cada apartado segundo as indicacións anteriores, aplicando as regras xerais de puntuación indicadas no artigo 7.A das FEC, que se transcriben a continuación:

1. Outorgarase a máxima puntuación fixada para a valoración da Memoria técnica da proposta organizativa para o desenvolvemento do obxecto do contrato, cando se atope desenvolva cun alto grao de detalle sobre os contidos indicados e cunha análise específica, coherente e idónea coa proposta presentada.
2. Descontarase da puntuación máxima prevista en cada apartado, a metade de cada puntuación indicada en cada contido, por cada un destes que non conteña unha adecuada información, ou tamén cando o desenvolvemento do contido teña un escaso desenvolvemento.
3. Descontarase da puntuación máxima prevista para a memoria, a puntuación indicada en cada contido, por cada un de estes cando o desenvolvemento da proposta para o contido non sexa adecuada ou coherente co obxecto do apartado a avaliar.
4. A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a proposta desenvolva no contido a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co obxecto do contrato, ou non recolla ningunha achega a maiores das establecidas no propio PPTP que define as obrigas para a execución do obxecto do contrato.
5. Cando a documentación de cada criterio non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, formato das páxinas, número de páxinas máximas ou arquivo único, procederase a súa valoración técnica, pero descontarase o 30% da puntuación asignada ao citado criterio.

Páx. 2 de 13



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2022 12:47	Páxina 2 de 13
15161-445	CSV: A6ACAH-DHC856-BACBEB-PPEHL4-DGDK2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expdte 15161/445

Segundo o establecido no artigo anterior será de aplicación asemade os criterios previstos nos apartados 7.A da FEC.

Os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, serán os seguintes segundo as especificacións indicadas no apartado 7 das FEC, ata un máximo de puntuación de **15 puntos**, tendo en conta estes apartados e realizadas polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, que subscribe o informe.

B.1.1.- Descrición e relación dos medios materiais propostos para o desenvolvemento das prestacións derivadas deste contrato. Defínense as instalacións das que dispón o adxudicatario e que serán destinadas ás necesidades das reparacións definidas no contrato, incluíndo localización, dimensións, equipamento e forma de uso das mesmas. Defínense tamén os horarios de traballo no taller ou talleres que o adxudicatario pon a disposición das necesidades do Concello: valorarase con ata 6 puntos

B.1.2.- Descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver para o desenvolvemento das obrigas derivadas do subministro de materiais. Defínense o método de adquisición de pezas e repostos, a súa almacenaxe e, no caso da entrega do material nas instalacións do Concello, sistema de reparto incluíndo os tempos de entrega: valorarase con ata 6 puntos.

B.1.3.- Medidas propostas para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar, indicándose os certificados de calidade e homologacións dos distintos tipos de traballo: valorarase con ata 3 puntos

C.- ANALISE E VALORACIÓN DAS OFERTAS.

TALLERES FONTAN S.L.U.

1.- DESCRICIÓN E RELACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS PROPOSTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PRESTACIÓNS DERIVADAS DESTE CONTRATO.

En relación a este apartado e pola documentación presentada cabe informar:

- Establece a localización dos talleres base do contrato, segundo o establecido no prego de prescricións técnicas(en adiante PPT) no concello de Vigo, asemade identifica seus números de rexistros, rexistro industrial de talleres, licenza de actividade e o seu número de produtores de residuos segundo a normativa establecida no PPT.
- Experiencia acreditada segundo contratos realizados, especifica as dimensións das súas instalacións. Acredita segundo a seu rexistro industrial usos dos talleres cumprindo as obrigas do PPT para mecánica, electricidade, chapa e pintura, non precisando de talleres asociados para o cumprimento destes usos.

Páx. 3 de 13



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2022 12:47	Páxina 3 de 13
15161-445	CSV: A6ACAH-DHC856-BACBEB-PPEHL4-DGDK2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expdte 15161/445

- Establece relacións valoradas dos equipamentos do taller en función dos distintos usos, facendo división entre mecánica/electricidade e chapa e pintura. Aporta relación de persoal asinada o contrato e declaración responsable de formación cualificada dos traballadores en seguridade e saúde no traballo.
- Identifica e desenvolve os procedementos de traballo especificados no PPT, facendo referencia o nomeamento do delegado, procedemento de comunicacións, servizo 24 horas telefónico, realizacións dos orzamentos por vehículo, etc..
- Informa dos horarios de traballo do taller segundo as obrigas establecidas no PPT, declara especificamente que a capacidade do mesmo segundo horario e dimensión do taller poderá satisfacer o arranxo simultáneo de cinco vehículos segundo as especificacións do PPT.

2.- DESCRICIÓN ANALÍTICA E DETALLADA DOS PROCEDEMENTOS A DESENVOLVER PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OBRIGAS DERIVADAS DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS.

Segundo a información presentada:

- Identifica os procedementos de pedido e entrega de subministro de material nas instalacións do Concello de forma detallada, esquece identificar as características das pezas solicitadas, indicadas no PPT.
- Especifica os tempos de entrega de acordo as obrigas do PPT, establece mellora no tempo de solicitude para entregas no mesmo día ata as 11.30 con tempos de resposta dunha hora con servizo de resposta urgente.

3.- MEDIDAS PROPOSTAS PARA CONTROLAR E GARANTIR A CALIDADE DOS TRABALLOS A EXECUTAR.

Segundo a información presentada:

- Presenta escasa información e non desenvolta suficientemente para garantir a calidade dos traballos.
- Non establece certificados ou selos de calidade que se apliquen os distintos procedementos de traballo.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA:

Tras o exposto e de acordo coas consideracións da avaliación anteriormente reflectida da documentación presentada e segundo os criterios de valoración establecidas no PCAP deste apartado se sustenta

Páx. 4 de 13



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2022 12:47	Páxina 4 de 13
15161-445	CSV: A6ACAH-DHC856-BACBEB-PPEHL4-DGDK2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expdte 15161/445

xustificación da puntuación outorgada de acordo as seguintes aspectos:

A documentación que achega o licitador está dentro dos requisitos esixidos da cláusula 6.A das FEC en canto o tamaños de arquivo, número de follas e dimensións destes, tanto na memoria como na entrega das fichas técnicas esixidas. Polo tanto non procede a minoración do 30% da puntuación asinada a este apartado sobre a documentación achegada.

As valoracións da documentación técnica segundo os aspectos indicados no artigo 7.A das FEC, son como a continuación se describen, en relación os apartados da Memoria Técnica da proposta organizativa para o desenvolvemento do contrato, e de acordo co criterio de comparación co resto das ofertas,:

1.- DESCRICIÓN DOS MEDIOS MATERIAIS PROPOSTOS.

A documentación presenta desenvolvemento adecuado e co grado detalle que permite identificar, talleres, localización, usos, horarios, medios materiais e humanos, procedementos acordos co PPT e por tanto valorase coa máxima puntuación neste apartado con 6 puntos.

2.- DESCRICIÓN ANALÍTICA E DETALLADA DOS PROCEDEMENTOS A DESENVOLVER DAS OBRIGAS DERIVADAS DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS.

A documentación ten un desenvolvemento adecuado cos procedementos de pedidos e recepción de pezas, así como o cumprimento de tempos de entrega mellorados respecto as especificacións indicadas no PPT. Valorase con unha puntuación no apartado de 6 puntos.

3.- MEDIDAS PROPOSTAS PARA GARANTIR A CALIDADE DOS TRABALLOS A EXECUTAR.

Presenta escasa información de medidas para garantir a calidade dos traballos, e non recolle medidas a maiores das indicadas no PPT. Valorase con unha puntuación neste apartado de 0 puntos.

Co anteriormente reflectido e como resumo dos apartados considerase que a memoria técnicas presentadas polo licitador se propón outorgarlle unha puntuación 12 puntos.

RODI GALICIA SL.

1.- DESCRICIÓN E RELACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS PROPOSTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PRESTACIÓNS DERIVADAS DESTE CONTRATO.

En relación a este apartado e pola documentación presentada cabe informar:

- Establece a localización do taller base do contrato, segundo o establecido no prego de prescricións técnicas(en adiante PPT) no concello de Vigo, non aporta documentación relativa os números de identificación fronte a industria, residuos e actividade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2022 12:47	Páxina 5 de 13
15161-445	CSV: A6ACAH-DHC856-BACBEB-PPEHL4-DGDK2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expdte 15161/445

- Experiencia acreditada segundo tempo de implantación no sector, non específica as dimensións das súas instalacións. Non acredita nin aporta as especificacións para os distintos usos do taller.
- Informa de xeito non pormenorizado da maquinaria a disposición do taller e o número de persoas asinadas o mesmo, sen asinar por usos.
- Identifica e desenvolve os procedementos de traballo especificados no PPT, facendo referencia o nomeamento do delegado, procedemento de comunicacións, servizo 24 horas telefónico, realizacións dos orzamentos por vehículo, etc..
- Informa dos horarios de traballo do taller segundo as obrigas establecidas no PPT, non declara especificamente que a capacidade do mesmo segundo horario e dimensión do taller poderá satisfacer o arranxo simultáneo de cinco vehículos segundo as especificacións do PPT.

2.- DESCRICIÓN ANALÍTICA E DETALLADA DOS PROCEDEMENTOS A DESENVOLVER PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OBRIGAS DERIVADAS DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS.

Segundo a información presentada:

- Non desenvolve suficientemente os procedementos de pedido e entrega de subministro de material nas instalacións do Concello de forma detallada, esquece identificar as características das pezas solicitadas, indicadas no PPT.
- Especifica os tempos de entrega de acordo as obrigas do PPT.

3.- MEDIDAS PROPOSTAS PARA CONTROLAR E GARANTIR A CALIDADE DOS TRABALLOS A EXECUTAR.

Segundo a información presentada:

- Presenta escasa información e non desenvolta suficientemente para garantir a calidade dos traballos.
- Non establece certificados ou selos de calidade que se apliquen os distintos procedementos de traballo.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA:

Tras o exposto e de acordo coas consideracións da avaliación anteriormente reflectida da documentación presentada e segundo os criterios de valoración establecidas no PCAP deste apartado se sustenta xustificación da puntuación outorgada de acordo as seguintes aspectos:

Páx. 6 de 13



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2022 12:47	Páxina 6 de 13
15161-445	CSV: A6ACAH-DHC856-BACBEB-PPEHL4-DGDK2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expdte 15161/445

A documentación que achega o licitador está dentro dos requisitos esixidos da cláusula 6.A das FEC en canto o tamaños de arquivo, número de follas e dimensións destes, tanto na memoria como na entrega das fichas técnicas esixidas. Polo tanto non procede a minoración do 30% da puntuación asinada a este apartado sobre a documentación achegada.

As valoracións da documentación técnica segundo os aspectos indicados no artigo 7.A das FEC, son como a continuación se describen, en relación os apartados da Memoria Técnica da proposta organizativa para o desenvolvemento do contrato, e de acordo co criterio de comparación co resto das ofertas,:

1.- DESCRICIÓN DOS MEDIOS MATERIAIS PROPOSTOS.

A documentación achegada non identifica usos específicos do taller, o desenvolvemento dos equipamentos segundo usos é escaso, desenvolve o resto da documentación non suficientemente, valorase con unha puntuación neste apartado de 3 puntos.

2.- DESCRICIÓN ANALÍTICA E DETALLADA DOS PROCEDEMENTOS A DESENVOLVER DAS OBRIGAS DERIVADAS DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS.

A documentación non ten un desenvolvemento adecuado e suficiente para súa avaliación, valorase con unha puntuación no apartado de 0 puntos.

3.- MEDIDAS PROPOSTAS PARA GARANTIR A CALIDADE DOS TRABALLOS A EXECUTAR.

Presenta escasa información de medidas para garantir a calidade dos traballos, e non recolle medidas a maiores das indicadas no PPT. Valorase con unha puntuación neste apartado de 0 puntos.

Co anteriormente reflectido e como resumo dos apartados considerase que a memoria técnicas presentadas polo licitador se propón outorgarlle unha puntuación 3 puntos.

RECALVI SL**1.- DESCRICIÓN E RELACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS PROPOSTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PRESTACIÓNS DERIVADAS DESTE CONTRATO.**

En relación a este apartado e pola documentación presentada cabe informar:

- Establece a localización dos talleres base do contrato, segundo o establecido no prego de prescricións técnicas(en adiante PPT) no concello de Vigo, establece rede de talleres propios e asociados no Concello de Vigo por especialización en mecánica/electricidade, carrocería e pintura, mantemento e diagnostico, non aporta identificación de número de rexistros.
- Experiencia acreditada segundo contratos realizados, especifica as dimensións das súas instalacións e por uso destinado.

Páx. 7 de 13



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2022 12:47	Páxina 7 de 13
15161-445	CSV: A6ACAH-DHC856-BACBEB-PPEHL4-DGDK2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expdte 15161/445

- Establece relacións dos equipamentos do taller en función dos distintos usos, aínda que non desenvoltos suficientemente. Informa do número de traballadores en relación de persoal asinada o contrato nos distintos talleres.
- Non desenvolve os procedementos de traballo especificados no PPT.
- Informa dos horarios de traballo do taller segundo as obrigas establecidas no PPT, incrementa os mesmos mediante horario continuo. Aporta posible rede de talleres complementaria no concello de Vigo para o cumprimento das obrigas esixidas fronte as reparacións.

2.- DESCRICIÓN ANALÍTICA E DETALLADA DOS PROCEDEMENTOS A DESENVOLVER PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OBRIGAS DERIVADAS DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS.

Segundo a información presentada:

- Identifica os procedementos de pedido e entrega de subministro de material nas instalacións do Concello de forma detallada, esquece identificar as características das pezas solicitadas, indicadas no PPT. Facilitan servizo Web aínda que o PPT non o considera e facilita telefono pedidos
- Especifica os tempos de entrega de acordo as obrigas do PPT, implanta mellora no tempo de solicitude para entregas no mesmo día ata as 13.00 con tempos de resposta de dous horas e servizo de resposta urxente.

3.- MEDIDAS PROPOSTAS PARA CONTROLAR E GARANTIR A CALIDADE DOS TRABALLOS A EXECUTAR.

Segundo a información presentada:

- Presenta escasa información e non desenvolta suficientemente para garantir a calidade dos traballos.
- Presenta certificados ou selos de calidade para o asegurar a calidade na aplicación do desenvolvemento do contrato.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA:

Tras o exposto e de acordo coas consideracións da avaliación anteriormente reflectida da documentación presentada e segundo os criterios de valoración establecidas no PCAP deste apartado se sustenta xustificación da puntuación outorgada de acordo as seguintes aspectos:

A documentación que achega o licitador está dentro dos requisitos esixidos da cláusula 6.A das FEC en

Páx. 8 de 13



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2022 12:47	Páxina 8 de 13
15161-445	CSV: A6ACAH-DHC856-BACBEB-PPEHL4-DGDK2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expdte 15161/445

canto o tamaño de arquivo, número de follas e dimensións destes, tanto na memoria como na entrega das fichas técnicas esixidas. Polo tanto non procede a minoración do 30% da puntuación asinada a este apartado sobre a documentación achegada.

As valoracións da documentación técnica segundo os aspectos indicados no artigo 7.A das FEC, son como a continuación se describen, en relación os apartados da Memoria Técnica da proposta organizativa para o desenvolvemento do contrato, e de acordo co criterio de comparación co resto das ofertas,:

1.- DESCRICIÓN DOS MEDIOS MATERIAIS PROPOSTOS.

A documentación achegada presenta un grado de desenvolvemento adecuado en cuanto asignación de talleres, usos, horarios, aumenta favorablemente horario de traballo de talleres, cun menor grado detalle desenvolve a descrición instalacións con seus equipamentos e persoal adscrito para o cumprimento das obrigacións do contrato e os procedementos de actuación non presenta documentación suficiente, valorase con unha puntuación neste apartado de 3 puntos.

2.- DESCRICIÓN ANALÍTICA E DETALLADA DOS PROCEDEMENTOS A DESENVOLVER DAS OBRIGAS DERIVADAS DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS.

A documentación ten un desenvolvemento adecuado cos procedementos de pedidos e recepción de pezas, así como o cumprimento de tempos de entrega mellorados respecto as especificacións indicadas no PPT. Valorase con unha puntuación no apartado de 6 puntos.

3.- MEDIDAS PROPOSTAS PARA GARANTIR A CALIDADE DOS TRABALLOS A EXECUTAR.

Non desenvolve suficientemente información de medidas para garantir a calidade dos traballos, aporta certificado mediante selo de calidade, valorase con unha puntuación neste apartado de 1.5 puntos.

Co anteriormente reflectido e como resumo dos apartados considerase que a memoria técnicas presentadas polo licitador se propón outorgarlle unha puntuación 10.5 puntos.

OSCAR CASTRO GOMEZ

1.- DESCRICIÓN E RELACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS PROPOSTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PRESTACIÓNS DERIVADAS DESTE CONTRATO.

En relación a este apartado e pola documentación presentada cabe informar:

- Establece a localización do taller base do contrato, segundo o establecido no prego de prescricións técnicas(en adiante PPT) no concello de Vigo, non aporta documentación relativa os números de identificación fronte a industria, residuos e actividade.
- Experiencia acreditada segundo tempo de implantación no sector, especifica as dimensións das súas instalacións. Informa dos usos de taller na rama mecánica/electrónica non fai referencia os restos dos usos na súa documentación ou talleres asociados para o cumprimento das obrigas establecidas no PPT.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2022 12:47	Páxina 9 de 13
15161-445	CSV: A6ACAH-DHC856-BACBEB-PPEHL4-DGDK2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expdte 15161/445

- Informa da maquinaria a disposición do taller e o número de persoas asinadas o mesmo,
- Non Identifica e non desenvolve os procedementos de traballo especificados no PPT.
- Informa dos horarios de traballo do taller segundo as obrigas establecidas na lexislación, non declara especificamente que a capacidade do mesmo segundo horario e dimensión do taller poderá satisfacer o arranxo simultáneo das especificacións do PPT.

2.- DESCRICIÓN ANALÍTICA E DETALLADA DOS PROCEDEMENTOS A DESENVOLVER PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OBRIGAS DERIVADAS DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS.

Segundo a información presentada:

- Non desenvolve suficientemente os procedementos de pedido e entrega de subministro de material nas instalacións do Concello de forma detallada, esquece identificar as características das pezas solicitadas, indicadas no PPT.
- Especifica os tempos de entrega de subministro e materiais en unha hora.

3.- MEDIDAS PROPOSTAS PARA CONTROLAR E GARANTIR A CALIDADE DOS TRABALLOS A EXECUTAR.

Segundo a información presentada:

- Presenta escasa información e non desenvolta suficientemente para garantir a calidade dos traballos.
- Non establece certificados ou selos de calidade que se apliquen os distintos procedementos de traballo.

XUSTIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OUTORGADA:

Tras o exposto e de acordo coas consideracións da avaliación anteriormente reflectida da documentación presentada e segundo os criterios de valoración establecidas no PCAP deste apartado se sustenta xustificación da puntuación outorgada de acordo as seguintes aspectos:

A documentación que achega o licitador non está dentro dos requisitos esixidos da cláusula 6.A das FEC, presenta un número de follas superior as obrigas establecidas nas FEC. Polo tanto procede a minoración do 30% da puntuación asinada a este apartado sobre a documentación achegada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2022 12:47	Páxina 10 de 13
15161-445	CSV: A6ACAH-DHC856-BACBEB-PPEHL4-DGDK2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expdte 15161/445

As valoracións da documentación técnica segundo os aspectos indicados no artigo 7.A das FEC, son como a continuación se describen, en relación os apartados da Memoria Técnica da proposta organizativa para o desenvolvemento do contrato, e de acordo co criterio de comparación co resto das ofertas,:

1.- DESCRICIÓN DOS MEDIOS MATERIAIS PROPOSTOS.

A documentación achegada presenta aspectos contraditorios con PPT, al estar identificado o taller soamente nos usos de mecánica e electricidade, non aporta documentación sobre os usos de pintura e carrocería que permita a súa avaliación, valorase con unha puntuación neste apartado de 0 puntos.

2.- DESCRICIÓN ANALÍTICA E DETALLADA DOS PROCEDEMENTOS A DESENVOLVER DAS OBRIGAS DERIVADAS DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS.

Non desenvolve suficientemente os procedementos de pedidos e recepción de pezas, mellora as condicións de tempos de entrega respecto as especificacións indicadas no PPT. Valorase con unha puntuación no apartado de 3 puntos.

3.- MEDIDAS PROPOSTAS PARA GARANTIR A CALIDADE DOS TRABALLOS A EXECUTAR.

Non recolle medidas específicas para garantir a calidade dos traballos, valorase con unha puntuación neste apartado de 0 puntos.

Co anteriormente reflectido e como resumo dos apartados considerase que a memoria técnicas presentadas polo licitador se propón outorgarlle unha puntuación 3 puntos.

Asemade e segundo se recolle no artigo 7.A das FEC, cando a documentación relativa aos citados criterios presentada non cumpran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, do nº de follas máximas, tamaño din A4 ou de arquivo único para cada apartado, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación máxima do apartado a avaliar será minorado nun 30% dos puntos asignados como máximos.

Polo tanto se propón unha vez aplicado este criterio unha puntuación de 2.10 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2022 12:47	Páxina 11 de 13
15161-445	CSV: A6ACAH-DHC856-BACBEB-PPEHL4-DGDK2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expdte 15161/445

D.- CADRO RESUMEN DA AVALIACIÓN DOS CRITERIOS POR XUÍZO DE VALOR:

De acordo cos aspectos indicados no presente informe, se emite as táboas para cada licitador:

LICITADOR	A.1.1. MEDIOS MATERIAS PROPOSTOS	A.1.2.- DESCRICIÓN PROCEDEMENTOS SUBMINISTRO DE MATERIAIS	A.1.3.- CALIDADE DOS TRABALLOS	TOTAL PUNTOS A.1.	PUNTUACIÓN TOTAL CRITERIOS XUÍZO DE VALOR
TALLERES FONTAN SL	6,000	6,000	0,000	12,000	12,00
RODI GALICIA SL	3,000	0,000	0,000	3,000	3,00
RECALVI	3,000	6,000	1,500	10,500	10,50
OSCAR CASTRO GOMEZ	0,000	3,000	0,000	3,000	2,10



DESCONTARASE O 30% DA PUNTUACIÓN ASIGNADA AO CITADO CRITERIO, POR NON CUMPRIR REQUISITOS DO ARTIGO 6.A DAS FEC

Desprendese polo tanto como resumo os seguintes datos de avaliación dos criterios por xuízo de valor das ofertas presentadas (sobre b “proposición avaliábel mediante xuízo de valor”) para a contratación do :

“PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, REPARACIÓNS E SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS DOS VEHÍCULOS TIPO C1 DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2022 12:47	Páxina 12 de 13
15161-445	CSV: A6ACAH-DHC856-BACBEB-PPEHL4-DGDK2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expdte 15161/445

LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL CRITERIOS XUIZO DE VALOR
TALLERES FONTAN SL	12,00
RODI GALICIA SL	3,00
RECALVI	10,50
OSCAR CASTRO GOMEZ	2,10

Do presente informe dásele traslado a Mesa de contratación para que a vista de este, e en virtude das súas competencias, proceda a continuación do expediente ou solicite novos informes técnicos segundo considere oportuno.

Vigo, á data da sinatura dixital

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.- Juan Manuel Sanchez Gonzalez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/07/2022 12:47	Páxina 13 de 13
15161-445	CSV: A6ACAH-DHC856-BACBEB-PPEHL4-DGDK2P-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		